


## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS PARA A ORGANIZACIÓN DE DIFUSIÓN DAS XORNADAS “O PAPEL DA ENXEÑERÍA NA REDUCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN”**

A Coruña, 08 de novembro de 2019

### **REUNIDOS**



Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.



Doutra parte, Enrique Urcola Fernández-Miranda, decano da Demarcación de Galicia do Colexio de Enxeñeiros Camiños, Canais e Portos, en nome e representación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, no exercicio das funcións atribuídas pola Xunta de Goberno do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, na súa xuntaza do 28.10.2019, para a sinatura deste convenio de colaboración.

### **MANIFESTAN**

**Primeiro.** Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG Núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha

entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia é competente para o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da entidade pública.

**Segundo.** O Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos é unha corporación de dereito público, amparada pola Lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, como son, entre outros, a ordenación do exercicio da profesión de enxeñeiro de camiños, canais e portos, a organización de actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e de previsión e outros análogos.

Segundo dispón a Lei 2/1974, de 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, modificada pola Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, corresponde aos colexios profesionais, entre outras:

- Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle podan ser solicitadas ou acorden formular por iniciativa de seu.
- Organizar actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencia e de previsión e outros análogos.
- Cantas outras funcións redunden no beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.

**Terceiro.** A Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, e o Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, que a traspón ao ordenamento

español, teñen por obxecto obter un adecuado coñecemento e avaliación dos riscos asociados ás inundacións, así como lograr unha actuación coordinada de todas as Administracións Públicas e a sociedade para reducir as consecuencias negativas sobre a saúde e a seguridade das persoas e dos bens, sobre o medio ambiente, o patrimonio cultural, a actividade económica e as infraestruturas, asociadas ás inundacións do territorio ao que afecten.

Para lograr unha actuación coordinada de todas as administracións públicas e a sociedade para diminuír os riscos de inundación e reducir as consecuencias negativas das inundacións, baseándose nos programas de medidas que cada unha das administracións debe aplicar no ámbito das súas competencias para acadar o obxectivo previsto, é fundamental a formación dos técnicos que traballan para as administracións implicadas.

Así, as partes están interesadas en organizar e difundir unhas xornadas destinada ao persoal técnico, fundamentalmente da Administración local ou que traballen para esa administración, enfocadas a explicar os plans de xestión de risco de inundación e os últimos cambios normativos nesta materia.


Consecuentemente co exposto, as partes deciden desenvolver as actuacións que se detallan no clausulado deste convenio, para así conseguir unha maior rendibilidade de esforzos nesta materia, con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños,

Canais e Portos para organizar unhas xornadas destinada a persoal técnico, fundamentalmente da administración local, ou que traballe para esa administración, enfocada a explicar os plans de xestión de risco de inundación e os últimos cambios normativos nesta materia, elaborando para iso documentos de presentación, difusión e conclusión e difundindo a celebración do mesmo a través dos correspondentes medios de difusión.



## **SEGUNDA. GRUPO DE TRABAJO**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, crearase un grupo de traballo, formado por persoal de Augas de Galicia e do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. O Colexio coordinará e impulsará os traballos do grupo, e organizará en coordinación/colaboración con Augas de Galicia as Xornadas denominadas “O papel da enxeñería na redución do risco de inundación”

Nos documentos de presentación, difusión e conclusión das citadas Xornadas debe constar a referencia clara e inequívoca da colaboración entre Augas de Galicia e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.



## **TERCEIRA. OBRIGAS DAS PARTES**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- O Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, obrígase a:

- Organizar conxuntamente con Augas de Galicia as Xornadas “O papel da enxeñería na redución do risco de inundación”
- Elaborar conxuntamente con Augas de Galicia os documentos de presentación, difusión e conclusión das Xornadas.



- Difundir a celebración das Xornadas e as súas conclusións á sociedade galega, a través dos correspondentes medios de difusión
- Divulgar e difundir, a través dos medios dos que dispoña o Colexio, os principais eixos de actuación de Augas de Galicia mediante a publicación na revista que publica o Colexio de entrevistas e artigos sobre temas de interese para Augas de Galicia.
- Aportar ao grupo de traballo os medios materiais e persoais axeitados e necesarios, sen prexuízo de que Augas de Galicia lle compense os custos nos que incorra.
- Coordinar o grupo de traballo e impulsar os traballos do grupo, e executar as actividades necesarias para a realización do obxecto do convenio.

**2.- Augas de Galicia obrígase a:**

- Organizar conxuntamente co Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos as Xornadas “O papel da enxeñería na redución do risco de inundación”
- Elaborar conxuntamente co Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos os documentos de presentación, difusión e conclusión das Xornadas
- Aportar ao grupo de traballo os medios persoais axeitados e necesarios
- Aportar, para os efectos do previsto neste convenio, as cantidades estipuladas na cláusula quinta en concepto de compensación de custes ao Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.

**CUARTA. RELACIÓN LABORAL**

A subscripción deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.



## **QUINTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO**

En razón das achegas realizadas polo co Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade, dende o 01.07.2019, a entidade pública empresarial Augas de Galicia achegará un importe máximo de oito mil euros (8.000,00 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, á conta 6272 "Reunións e conferencias" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, no exercicio 2019.

En canto aos prazos e modos do libramento da achega de Augas de Galicia ao Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, materializaranse mediante as transferencias dos fondos precisos ao Colexio logo da presentación en Augas de Galicia, antes do 15 de decembro de 2019, da seguinte documentación acreditativa do cumprimento das cláusulas deste convenio:

- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas, acompañada das correspondentes facturas, no seu caso nóminas, ou documento acreditativo nos que se farán constar os gastos ocasionados e os distintos conceptos.

## **SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puidieran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.



#### **SÉTIMA. NATUREZA DO CONVENIO**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.



#### **OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO**

O convenio terá efecto dende o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2019, sendo non obstante de aplicación, con carácter retroactivo, ás actividades realizadas dende o 01.07.2019.

#### **NOVENA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

## **DÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actividades descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- o incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

## **UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

## **DUODÉCIMA. PUBLICIDADE**

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co

establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes este documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia



Ethel María Vázquez Mourelle

O decano da Demarcación de Galicia do  
Colexio de Enxeñeiros de Camiños,  
Canais e Portos



Enrique Urcola Fernández-Miranda